



ACTA Nº 2018/22

SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - CASA DO CONCELLO, LUNS 29 DE OUTUBRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 14:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

Manuel Fernández Munín

ASISTEN:

María del Carmen Botana Cebeiro
Antonio González Barral
Jesús Sanjuás Mera

SECRETARIA-INTERVENTORA:

Elena Suárez Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación da acta anterior
- 2 Clasificación das ofertas para a adjudicación dos lotes do proxecto Actuacións no Pico Sacro: Premio Parabéns
- 3 Adjudicación do contrato da obra Acondicionamento de edificación para centro socio comunitario en Sergude

Aprobación da urxencia

Convócase esta xunta de goberno extraordinaria e con carácter urxente debido a que as obras das que se tratan ambos puntos deben ser iniciadas o máis axiña posible debido ós prazos de execución que teñen ambas. No caso das obras do Premio Parabéns deben estar executadas antes de finalizar o mes de novembro. No caso da obra do centro socio comunitario



débase executar a parte correspondente á anualidade 2018 antes do día 10 de decembro.

Por unanimidade acórdase aprobar a urxencia desta sesión.

DELIBERACIÓNS

1 Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria realizada o día 18 de outubro de 2018.

2 Clasificación das ofertas para a adxudicación dos lotes do proxecto Actuacións no Pico Sacro: Premio Parabéns

Na Xunta de Goberno do día 6 de setembro, iniciouse a contratación do proxecto modificado Actuacións no Pico Sacro relativo ó Premio Parabéns por un importe de 300.000 euros.

Para a súa licitación dividiuse o proxecto en 3 lotes denominados do seguinte xeito:

1 Lote - Actuacións no contorno do Pico Sacro, cun presuposto de 70.267,28 euros

2 Lote - Roteiro camiños de Santiago, cun presuposto de 146.947,38 euros

3 Lote - Actuacións no Centro de Interpretación do Pico Sacro cun presuposto de 82.785,34 euros

O procedemento utilizado para a súa contratación foi o aberto, por urxencia e cos pregos da Deputación publicados no BOP núm. 99 do día 28 de maio de 2018. O prazo para a presentación das ofertas foi de 13 días naturais e a tramitación dos expedientes foi integramente electrónica mediante a Plataforma de Contratación do Estado.

No prazo establecido para o efecto presentan ofertas as seguintes empresas:

1 Lote - Actuacións no contorno do Pico Sacro, cun presuposto de 70.267,28 euros

Ivanca,SL

SYR - AMG, SLU

2 Lote - Roteiro camiños de Santiago, cun presuposto de 146.947,38 euros



Excavaciones Ovidio, SL

Ivanca,SL

Nexia Infraestructuras, SLU

Obras y Saneamientos Galicia,SL

SYR -AMG,SLU

3 Lote - Actuacións no Centro de Interpretación do Pico Sacro cun presuposto de 82.785,34 euros

Ivanca, SLU

SYR- AMG, SLU

Segundo informe da mesa de contratación, ábrense os arquivos da documentación administrativa presentada polas empresas e obsérvase que a empresa Obras y Saneamientos Galicia, SLU non presenta o formulario do DEUC tal e como se sinala no prego e no cadro de características das obras, polo tanto ten que excluirse do proceso de contratación.

Deste xeito, no lote 2 teríamos que eliminar á empresa Obras y Saneamientos Galicia, SLU por non presentar a documentación administrativa obrigatoria.

A continuación realízanse as valoracións das ofertas presentadas polas empresas. Neste caso, nos 3 lotes valóranse os seguintes criterios:

Oferta económica - 50 puntos

Redución de prazos - 50 puntos. No caso de que a empresa non presente a xustificación da redución de prazos, a puntuación será de 0 puntos.

A continuación transcríbense as ofertas presentadas e a puntuación acadada por cada empresa:

1 Lote - Actuacións no contorno do Pico Sacro, cun presuposto de 70.267,28 euros

Ofertas:

Empresa	Oferta económica	Redución de prazo
Ivanca, SL	58.232,68 euros	Execución en 37 días naturais
SYR -AMG, SLU	57.267,74 euros	Execución en 30 días



		naturais
--	--	----------

Puntuación

Empresa	Puntuación oferta económica	Puntuación Redución de prazo	Puntuación total
Ivanca, SL	38.20	0 (non xustifica a redución)	38.20
SYR -AMG, SLU	40.25	50 puntos	90.25

2 Lote - Roteiro camiños de Santiago,cun presuposto de 146.947,38 euros

Empresa	Oferta económica	Redución de prazo
Excavaciones Ovidio, SL	102.863,16 euros	Execución en 45 días naturais
Ivanca, SL	130.652,29 euros	Execución en 60 días naturais
Nexia Infraestructuras, SLU	125.493,06 euros	Execución en 26 días naturais
SYR - AMG, SLU	119.762,01 euros	Execución en 60 días naturais

Puntuación

Empresa	Puntuación oferta económica	Puntuación Redución de prazo	Puntuación total
Excavaciones Ovidio, SL	50	0 (non xustifica a redución)	50
Ivanca, SL	25.88	0 (non xustifica	25.88



		a redución)	
Nexia Infraestructuras, SLU	34.07	50	84.07
SYR - AMG, SLU	38.50	38.96	77.46

3 Lote - Actuacións no Centro de Interpretación do Pico Sacro cun presuposto de 82.785,34 euros

Empresa	Oferta económica	Redución de prazo
Ivanca, SL	80.734,52 euros	Execución en 210 días naturais
SYR -AMG, SLU	67.469,95 euros	Execución en 60 días naturais

Neste caso, e debido a que a obra debe estar executada antes do día 30 de novembro, non se fai a valoración das ofertas, considerando ás dúas empresas excluídos ó exceder do prazo fixado no cadro de características da obra. Polo tanto considérase deserto este lote.

Á vista destes datos e tendo en conta que as obras deben comezar de inmediato, a Xunta de Goberno, aceptando a proposta da mesa de contratación, acorda:

1 Excluir do proceso de contratación do lote núm. 2 á empresa Obras y Saneamientos Galicia, SL por non presentar o formulario do DEUC tal e como se sinala no prego e no cadro de características das obras.

2 Clasificar as ofertas presentadas por orde decrecente nos lotes núm. 1 e 2, quedando do seguinte xeito:

1 Lote - Actuacións no contorno do Pico Sacro, cun presuposto de 70.267,28 euros

Empresa	Puntuación oferta económica	Puntuación Redución de prazo	Puntuación total
SYR -AMG, SLU	40.25	50 puntos	90.25



Ivanca, SL	38.20	0 (non xustifica a redución)	38.20

2 Lote - Roteiro camiños de Santiago, cun presuposto de 146.947,38 euros

Empresa	Puntuación oferta económica	Puntuación Redución de prazo	Puntuación total
Nexia Infraestructuras, SLU	34.07	50	84.07
SYR - AMG, SLU	38.50	38.96	77.46
Excavaciones Ovidio, SL	50	0 (non xustifica a redución)	50
Ivanca, SL	25.88	0 (non xustifica a redución)	25.88

3 Comunicar ás empresas con maior puntuación que presenten, no prazo máximo de 5 días hábiles a documentación na forma e polos medios que se sinala na cláusula 16 do prego de cláusulas que rexeu a contratación.

4 Declarar deserto o lote núm. 3 ó exceder o prazo ofertado polas empresas ó fixado no cadro de características da obra.

3 Adxudicación do contrato da obra Acondicionamento de edificación para centro socio comunitario en Sergude

Na Xunta de Goberno do día 19 de xullo, iniciouse a contratación da obra denominada Acondicionamento de edificación para centro sociocomunitario en Sergude por importe de 202.467,41 euros e polo procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas.

A publicación e licitación da obra levouse a cabo mediante a Plataforma de Contratación do Estado vía electrónica. O prazo para a presentación das ofertas rematou o día 28 de agosto.



O día 12 de setembro reúnese a mesa de contratación para abrir os sobres e avaliar as propostas presentadas. Segundo consta na acta da sesión realizada polo órgano de asistencia, presentáronse as seguintes empresas:

Manuel Barcia García
Obras y Viales de Galicia, SL
Obras Gallaecia, SL
Asturcon Obras y Construcciones, SL
Actividades de Construcción Edificación y Viales, SL
Covisam Norte,SL
Sergonsa Servicios,SL
Groma Obras, SL
Denuovo Punto Creativo, SL

A mesa realiza a valoración das proposicións técnicas de acordo cos criterios do PCAP. Estes criterios son:
Oferta económica - 50 puntos
Porcentaxe persoal fixo en relación co persoal global da empresa - 25 puntos
Incremento prazo garantía - 25 puntos

As empresas presentan as seguintes ofertas económicas e obteñen a correspondente puntuación, aplicando a fórmula descrita no prego:

Empresa	Oferta económica Sen IVE	Puntuación
Manuel Barcia García	145.500,00	30.45
Obras y Viales de Galicia, SL	158.198,35	12.74
Obras Gallaecia, SL	145.219,09	30.85
Asturcon Obras y Construcciones, SL	132.189,47	44.0
Actividades de Construcción Edificación y Viales, SL	127.281,25	48.4
Covisam Norte,SL	141.980,00	35.22
Sergonsa Servicios,SL	134.664,00	41.78
Groma Obras, SL	134.013,35	42.36
Denuovo Punto Creativo, SL	150.846,49	22.98

A continuación transcríbense as puntuacións acadadas por cada unha das empresas relativas á porcentaxe de persoal fixo con relación ó persoal global da empresa e o incremento do prazo de garantía que presentaron nas súas ofertas.

Empresa	Puntuación	Puntuación
---------	------------	------------



	porcentaxe persoal fixo	incremento prazo de garantía
Manuel Barcia García	12.5	15.0
Obras y Viales de Galicia, SL	14.77	25.0
Obras Gallaecia, SL	17.3	25.0
Asturcon Obras y Construcciones, SL	6.25	25.0
Actividades de Construcción Edificación y Viales, SL	15.27	25.0
Covisam Norte,SL	21.42	25.0
Sergonsa Servicios,SL	9.78	25.0
Groma Obras, SL	12.5	25.0
Denuevo Punto Creativo, SL	25.0	25.0

Segundo as valoracións efectuadas, detéctase que a oferta presentada pola empresa Actividades de Construcción Edificación y Viales, SL, presenta unha oferta con valores anormais ou temeraria, polo tanto a mesa acorda solicitarlle á empresa que xustifique a oferta de acordo co prego de cláusulas aprobado para o efecto.

Comunícase á empresa, vía plataforma de contratación, que no prazo de cinco días hábiles presenten a xustificación da oferta clasificada como temeraria.

No prazo establecido a empresa envía a documentación solicitada e inmediatamente é enviada ó técnico para que a examine e elabore o correspondente informe.

O técnico don Ignacio J. Alonso Díaz elabora o informe no que conclúe que a empresa ACEVI,SL non realiza unha correcta xustificación da oferta polo que informa desfavorablemente e propón a súa exclusión do proceso de licitación.

Polo tanto, a mesa de contratación propón a exclusión da empresa ACEVI, SL do proceso de licitación por non xustificar correctamente a oferta temeraria e propón a adxudicación do contrato á seguinte empresa con maior puntuación que sería Covisam Norte, SL

Na Xunta de Goberno realizada o día 18 de outubro, clasificáronse as ofertas e aceptouse a proposta da mesa de contratación para excluír do proceso de licitación á empresa ACEVI, SL por non xustificar correctamente a oferta temeraria, segundo informe do técnico que informou a documentación

As puntuacións quedaron do seguinte xeito:

Empresa	Puntuació	Puntuación	Puntuació	Total
---------	-----------	------------	-----------	-------



	n porcentaxe e persoal fixo	incremento prazo de garantía	n Oferta económica	puntos
Covisam Norte,SL	21.42	25.0	35.22	81.64
Groma Obras, SL	12.5	25.0	42.36	79.86
Sergonsa Servicios,SL	9.78	25.0	41.78	76.56
Asturcon Obras y Construcciones, SL	6.25	25.0	44.0	75.25
Obras Gallaecia, SL	17.3	25.0	30.85	73.15
Denuovo Punto Creativo, SL	25.0	25.0	22.98	72.98
Manuel Barcia García	12.5	15.0	30.45	57.95
Obras y Viales de Galicia, SL	14.77	25.0	12.74	52.51

Nesa mesma sesión acordouse solicitar á empresa con maior puntuación a documentación sinalada no art. 16.1 do prego de cláusulas administrativas.

A empresa Covisam Norte, SL presenta a documentación e o aval correspondente, polo que debido a que se ten que xustificar a anualidade 2018 da obra ante o Consorcio Galego de Igualdade antes do día 10 de decembro, a Xunta de Goberno acorda:

1 Comunicar á empresa ACEVI, SL que queda excluída do proceso de licitación por non xustificar correctamente a oferta tipificada como temeraria, segundo consta no informe do técnico que valorou a documentación presentada pola empresa.

2. Adxudicar o contrato da obra Acondicionamento de edificación para centro sociocomunitario en Sergude á empresa Covisam Norte, SL por un importe de 171.795,80 euros (IVE incluído) e cun prazo de garantía de 5 anos.

3. Nomear técnico director da obra ó redactor do proxecto don Julio C. Rojo Martínez e como coordinador de seguridade e saúde a don Ignacio Alonso Díaz.

4. Asinar o contrato da obra non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación

Ás 14.55 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que por orde da presidencia, levántase a sesión, da que estendo esta acta, da que dou fe.

Boqueixón, mércores 31 de outubro de 2018

A secretaria-interventora, Elena Suárez Rodríguez



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/22
Xunta de Goberno Local
luns 29 de outubro de 2018

O alcalde, Manuel Fernández Munín